

MATERIA
Prehistoria II

TITULACIÓN
Grao en Historia

unidade
didáctica
4

O fenómeno tumular e megalítico en Galicia

Miguel Carrero Pazos
Alia Vázquez Martínez

Área de Prehistoria
Departamento de Historia
Facultade Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679703>



MATERIA: Prehistoria II

TITULACIÓN: Grao en Historia

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE I. O Neolítico

UD I. O Neolítico e a orixe das economías de produción

Neolítico, Neolitización e Revolución neolítica. O estado actual da investigación

Teorías sobre o proceso de neolitización e hipóteses sobre o xurdimento e expansión

As novas formas de vida do Neolítico: sedentarización e primeiras sociedades rurais

A neolitización de Próximo Oriente e África

UD II. A Neolitización da Europa continental e o Mediterráneo

O proceso de expansión dende Próximo Oriente

O Neolítico na Grecia continental e no Exeo

O sueste de Europa

O Neolítico na Europa central e setentrional

UD III. O Neolítico atlántico e o Megalitismo

O Neolítico na Europa occidental

As rexións atlánticas

O fenómeno megalítico europeo. Teorías do xurdimento e expansión.

As particularidades territoriais: as Illas Británicas e Irlanda. Francia, a Europa setentrional e a Península Ibérica

UD IV. O fenómeno tumular e megalítico en Galicia

O Megalitismo galego no contexto europeo

Os devanceiros: a historiografía do Megalitismo galego

Onde están as nosas mámoas e dolmens? A cartografía do Megalitismo galego

Diversidade tipolóxica: as arquitecturas megalíticas

O mundo simbólico: a arte megalítica



BLOQUE II: O Calcolítico

UD V. O Calcolítico: caracterización xeral, metalurxia e aparición das sociedades complexas

A metalurxia do cobre. Materias primas, técnicas de obtención e transformación

Cambios económicos e consecuencias culturais: o proceso de complexización social

O Calcolítico en Próximo Oriente: metais nativos e os inicios da fundición. Intensificación agrícola e gandeira

UD VI. As primeiras sociedades metalúrxicas de Europa e a Cultura do Vaso Campaniforme

As orixes da metalurxia en Europa. Teses principais e estado actual das investigacións. O foco metalúrxico dos Balcáns e a cultura de Vinča

O mundo funerario e a organización social. Varna como paradigma

A Cultura da Cerámica Cordada e a Cultura Yamnaya. A relevancia dos estudos xenéticos

O Calcolítico no Mediterráneo central e occidental

A Península Ibérica como foco metalúrxico independente

A Cultura do Vaso Campaniforme: Grupos, tipos e estilos cerámicos. O equipamento campaniforme e as estratexias de poder

BLOQUE III: A Idade do Bronce

UD VII. A Idade do Bronce na Europa continental e o Mediterráneo

Dinámicas atlánticas e dinámicas mediterráneas: desfase temporal e diferentes grados de complexidade

As culturas de Próximo Oriente e Exipto. O Exeo e a Grecia continental

Europa Oriental e os Balcáns

Europa Central: a Cultura de Unetice

O Bronce antigo e medio no Mediterráneo central e occidental

O Bronce da Europa setentrional

UD VIII. A Idade do Bronce na Europa atlántica

A cultura de Wessex e os Túmulos Armoricanos

UD IX. O Bronce Final e a transición cara a Idade do Ferro

O Bronce final en centroeuropa

O Bronce final na Europa nórdica

O Bronce final atlántico e a cuestión das relacións atlánticas

O Bronce final nas rexións mediterráneas

UD X. A arte rupestre ao aire libre do Noroeste peninsular

A arte rupestre galega no contexto europeo

A historiografía da Arte Rupestre galega. As bases da investigación

Que tipo de representacións atopamos nos petróglifos galegos? A clasificación tipolóxica dos motivos

A arte rupestre galega no territorio da prehistoria recente

A perdurabilidade dos petróglifos. A conservación das testemuñas dos nosos antepasados para as vindeiras xeracións

BLOQUE IV: A Idade do Ferro

UD XI. A Primeira Idade do Ferro: a Cultura de Hallstatt

A primeira Idade do Ferro en Europa: a Cultura de Hallstatt e o mundo funerario das tumbas principescas

As rexións mediterráneas e Europa Oriental

UD XII. A Segunda Idade do Ferro: A Cultura de La Tène e os Celtas

A desintegración do mundo de Hallstatt. A Cultura lateniense e os Celtas

O final da Cultura de La Tène. A chegada de Roma



ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OBXECTIVOS

METODOLOXÍA

CONTIDOS

1. O Megalitismo galego no contexto europeo
2. Os devanceiros: a historiografía do Megalitismo galego
 - 2.1. Das primeiras referencias históricas ata a chegada de Manuel Murguía (1865)
 - 2.2. Dende finais do S. XIX ata a síntese de Hugo Obermaier (1923)
 - 2.3. Dende os anos vinte ata os traballos de Florentino López Cuevillas (1958)
 - 2.4. Da década dos sesenta ata 1996
 - 2.5. O estado actual da investigación: dende 1996 ata a actualidade
3. Onde están as nosas mámoas e dolmens? A cartografía histórica do Megalitismo galego
4. Diversidade tipolóxica: as arquitecturas megalíticas
5. O mundo simbólico: a arte megalítica

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA



PRESENTACIÓN

A unidade didáctica complementaria «O fenómeno tumular e megalítico en Galicia» pertence á materia de Prehistoria II (Código G5021123), do primeiro curso do Grao de Historia na Universidade de Santiago de Compostela.

Dentro do Grao en Historia que a USC vén ofertando o período prehistórico está representado en maior medida polas materias obrigatorias de Prehistoria I, Prehistoria II e Prehistoria da Península Ibérica. Prehistoria I ofrece unha visión xeral da evolución biolóxica e social dos primeiros grupos humanos ata as últimas sociedades de caza-recolección nos inicios do período holocénico. Prehistoria II concíbese como unha continuación natural da materia anterior, centrándose nos desenvolvementos das sociedades humanas dende o xurdimento da agricultura e gandería, sendo particularmente relevante o sedentarismo e creación dos primeiros núcleos urbanos, o desenvolvemento da metalurxia, que catapulta realidades sociais máis asimétricas, ata a aparición da escritura nos albores da Historia, período denominado a Protohistoria. Preténdese, polo tanto, impartir un coñecemento xeral da evolución social, cultural e económica dos grupos humanos durante a Prehistoria Recente e Protohistoria, proporcionando claves metodolóxicas para recoñecer a documentación propia do campo prehistórico, os métodos científicos a través dos cales se chega a reconstruír un pasado tan remoto, e usar de modo correcto a linguaxe técnica da ciencia arqueolóxica e prehistórica.

Finalmente, preténdese que o alumnado tome conciencia da relación e interacción entre o pasado e o presente na conformación da sociedade actual. En todas as materias obrigatorias do período prehistórico préstase especial importancia ao Noroeste da Península Ibérica, no marco da Prehistoria europea.

A programación docente da materia Prehistoria II está formada por catro bloques temáticos subdivididos en 12 unidades didácticas. O bloque temático I está dedicado a explicar os cambios chegados co Neolítico, coa produción de alimentos a través da agricultura e gandería e a relevancia dos cambios transcendentais que as sociedades humanas comezan a sufrir: o sedentarismo e a vida en núcleos rurais. Tamén se realiza unha viaxe crono-territorial polas diferentes culturas neolíticas na Europa continental e no Mediterráneo, abranguendo territorios distantes como Grecia ou Dinamarca, pasando polos territorios de Europa central. Finalmente, céntrase a atención no Megalitismo, indicando como no desenvolvemento de novas formas de vida, máis sedentarias, as comunidades humanas comezan a enterrar os seus mortos nas primeiras arquitecturas monumentais -os megálitos.

O bloque temático II estrutúrase ao redor do Calcolítico, ou os inicios da Idade dos Metais, coa aparición da metalurxia do cobre e a proliferación dos primeiros procesos de asimetría social. Dende aquí, repásase o caso europeo, centrando a atención na Cultura do Vaso Campaniforme, co xurdimento dunhas primeiras elites sociais que parecen desenvolver claras estratexias de poder, e trátase de describir as dinámicas das poboacións humanas, tanto na Europa continental coma no Mediterráneo, conferindo especial relevancia ao contexto atlántico. O bloque IV céntrase na Idade do Ferro, período no que se asiste a procesos de marcada desigualdade social e a formación de sociedades estatalizadas. A última parte trata de incidir na segunda

Idade do Ferro, definida pola Cultura de La Tène e os Celtas, anticipando a entrada das sociedades europeas na Historia coa chegada de Roma.

XUSTIFICACIÓN

O período prehistórico representa, en termos cronolóxicos, o 99 % da historia do ser humano no planeta. Trátase do período de tempo da Historia máis longo, no que tiveron lugar cambios fundamentais para o devir das sociedades humanas posteriores e o noso mundo actual, como o descubrimento do lume, a aparición da agricultura ou a conformación de redes sociais de solidariedade entre os grupos humanos. No Grao de Historia existen, na actualidade, tres materias obrigatorias que todo o alumnado debe cursar: Prehistoria I e II (primeiro curso), e Prehistoria da Península Ibérica (terceiro curso). A estas súmanse dúas materias de carácter optativo no cuarto curso: Sociedades e Mentalidades na Prehistoria e Paleoecoloxía das Comunidades Prehistóricas.

No contexto xeral do plan de estudos, o Noroeste peninsular ten unha representación tanxencial nos programas das materias de Prehistoria. Por iso, é preciso que se desenvolvan unidades didácticas complementarias específicas sobre a Prehistoria de Galicia, un período esencial para comprender como a rexión galega ten participado nos principais desenrols do período prehistórico, presentando especial protagonismo en certas etapas coma o período Neolítico ou a Idade do Ferro.

OBXECTIVOS

A materia de Prehistoria II, impartida no primeiro curso do Grao de Historia, constitúe a matriz inicial nas aproximacións aos períodos da Prehistoria Recente: Neolítico, Idade do Cobre ou Calcolítico, Idade do Bronce e Idade do Ferro. Os obxectivos que dita materia ten son os seguintes:

- Obxectivo 1: Obter un coñecemento xeral da evolución social, cultural e económica dos grupos humanos durante a Prehistoria Recente e Protohistoria;
- Obxectivo 2: Proporcionar os coñecementos necesarios para recoñecer a documentación que adoita utilizarse en Prehistoria, os métodos científicos a través dos cales pode chegarse a este coñecemento, e usar, de modo correcto, a linguaxe técnica da ciencia arqueolóxica prehistórica;
- Obxectivo 3: Tomar conciencia da relación e interacción entre o pasado e o presente na conformación da sociedade.

As competencias educativas ás que contribúe esta materia son as seguintes:

- a) Xerais e básicas:
 - CX1: Coñecemento e análise da estrutura diacrónica da Historia;
 - CX2: Utilización e interpretación das fontes históricas;

- CX3: Desenvolvemento de habilidades para recompilar información bibliográfica;
 - CB1: Aplicación de coñecementos ao traballo ou vocación de forma profesional;
 - CB2: Capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos, con reflexións sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética;
 - CB3: Capacidade para transmitir a información, problemas e solucións a un público especializado e non especializado.
- b) Transversais:
- CT1: Capacidade de aplicar o pensamento de forma analítica, crítica, lóxica e creativa;
 - CT2: Capacidade para traballar de forma autónoma, con responsabilidade e iniciativa;
 - CT3: Capacidade para traballar en equipo, en colaboración;
 - CT4: Capacidade para comunicar información e ideas de maneira clara e efectiva en público.
- c) Específicas:
- CE1: Capacidade para coñecer, analizar e transmitir a historia xeral e a propia do territorio;
 - CE2: Capacidade para coñecer, analizar e interpretar os períodos específicos da historia da humanidade;
 - CE7: Capacidade para comprender, interpretar e elaborar textos historiográficos ou documentos orixinais na lingua propia;
 - CE8: Capacidade para analizar e interpretar o rexistro arqueolóxico.

A unidade didáctica complementaria «O fenómeno tumular e megalítico en Galicia», ten os seguintes obxectivos:

- Obxectivo 1: Proporcionar un coñecemento básico do Megalitismo galego, a través da ecoloxía e arqueoloxía;
- Obxectivo 2: Recoñecer a relevancia de acudir á historiografía previa para comprender os modelos interpretativos propostos sobre o Megalitismo galego;
- Obxectivo 3: Aplicar técnicas cartográficas de análise para emitir conclusións históricas baseadas na análise formal de datos cuantitativos;
- Obxectivo 4: Coñecer e aplicar novas tecnoloxías para a detección e análise de estruturas tumulares nas paisaxes galegas.

A consecución destes obxectivos levará a que o alumnado poida acadar os obxectivos xerais da materia, así como as competencias CX1, CX3, CT1, CT2, CT3, CE1, CE2, CE8.

METODOLOXÍA

A materia de Prehistoria II pertence ao segundo cuatrimestre, de 6 créditos ECTS correspondentes a 150 horas lectivas, distribuídas na forma que se indica na Táboa 1.


Táboa 1: Tempo de estudo e traballo persoal da materia Prehistoria II

Reparto de horas (150h)		
Clases expositivas e interactivas	Actividades de docencia expositiva	32 horas
	Actividades de docencia interactiva	16 horas
Traballo do alumnado	Estudo da materia	40 horas
	Tarefas en grupo	20 horas
	Tarefas individuais	40 horas
Titorías e avaliación	Resolución de dúbidas e avaliación	2 horas

Fonte: Elaboración propia

A materia de Prehistoria II combina as clases expositivas coa realización de clases interactivas. Parte dunha concepción socio-constructivista da práctica docente, que se especifica na figura 1.

Figura 1: Fundamentación teórico-metodolóxica da materia e da UD



Fonte: Elaboración propia

As clases expositivas estrutúranse en torno a leccións maxistras nas que o docente transmite e sintetiza o temario dos diferentes bloques e unidades didácticas. Estas clases son deseñadas utilizando un enfoque dialóxico, é dicir, con interacción directa co alumnado. A asistencia ás clases teóricas é fundamental, xa que logo o docente adoita incidir nas cuestións que son claves para superar os obxectivos definidos e o

apoio visual que presenta, mediante a proxección de fotografías, planos, cartografías, resulta esclarecedor dos contidos temáticos.

Polo que respecta ás clases interactivas, estas combinan a aplicación de metodoloxías do campo prehistórico e arqueolóxico, con debate e posta en común de ideas, experiencias de laboratorio e saídas ao campo, de planificarse. Preténdese que o alumnado traballe con materiais arqueolóxicos do período prehistórico (cerámica, obxectos de metal), cartografía e ferramentas dixitais de análise de xacementos arqueolóxicos, caso de diferentes plataformas *webmapping* que permiten manexar tecnoloxías de vangarda, caso do LiDAR. A metodoloxía que se utiliza nesta UD baséase no campo do *research-based learning*, é dicir, emúlanse traballos de investigación adaptados a un nivel de primeiro curso, que permiten interiorizar os coñecementos prácticos ao tempo que se repasa o temario teórico.

CONTIDOS


Esta unidade didáctica ofrece un coñecemento básico e actualizado do estado actual das investigacións no Megalitismo galego, e desenvolve metodoloxías prácticas de análise para coñecer ferramentas que hoxe son fundamentais no traballo diario da Arqueoloxía profesional e da investigación, así como permite profundar nos coñecementos teóricos da materia.

1. O Megalitismo galego no contexto europeo

O Megalitismo, termo que procede do grego *mega* (grande) e *lithos* (pedra), é un fenómeno cultural de construcións arquitectónicas monumentais, en grandes pedras, que se dá na práctica totalidade do planeta en momentos diferentes no tempo e no espazo. En Europa occidental o termo adoita referirse a aquelas construcións funerarias e cerimoniais que se erixen a partir do Neolítico e ata a Idade do Bronce (V-II milenios a.C.). Trátase das primeiras arquitecturas monumentais da Historia, construídas polas sociedades do Neolítico e Calcolítico cunha clara vontade de permanencia e recordo no tempo. Son parte do novo contexto social e económico que se abre tras o desenvolvemento da agricultura, a domesticación dos animais (gandaría), e o sedentarismo das comunidades humanas.

Neste contexto, o arco atlántico europeo posúe algunhas das concentracións máis numerosas de monumentos megalíticos (Rodríguez Casal, 1990). Súmase a outros territorios como as Illas Británicas e Irlanda, a Bretaña francesa ou o Alentejo portugués, que tamén destacan pola gran densidade de monumentos megalíticos que se teñen conservado ata a actualidade (Figura 2).

Figura 2: A. Mapa dos monumentos megalíticos de Europa e África do Norte; B. Dolmen de Poulnabrone (Irlanda); C. Túmulo megalítico de Bougon (Francia)



Fonte: A: Laporte, Bueno Ramírez 2016: 227; B e C: wikimedia commons



Figura 3. Fotografía do Dolmen de Pavía (Mora, Portugal)



Os megálitos máis comúns son sepulturas funerarias de carácter colectivo, coñecidas como dolmens, que posúen representacións artísticas gravadas e pintadas, testemuña dun rico mundo simbólico. O carácter monumental e prominente destes monumentos, localizados a miúdo sobre zonas moi visibles no territorio, fixo que non pasasen desapercibidos polas sociedades prehistóricas e históricas posteriores. A re-utilización destes espazos funerarios foi moi común na Idade do Bronce, e sabemos que os megálitos desempeñaron funcións de demarcación territorial en épocas históricas, coma no Medievo ou a Idade Moderna (Martinón-Torres, 2001a,b). Nalgúns casos, os megálitos foron incorporados en igrexas cristiás, caso do dolmen de Pavía, en Portugal (Figura 3).

2. Os devanceiros: a historiografía do Megalitismo galego

Cos inicios da arqueoloxía científica no S. XIX, o fenómeno megalítico ten sido obxecto de atención por parte de diferentes investigadores, que realizaron escavacións arqueolóxicas, estudos arquitectónicos e descrición de materiais arqueolóxicos, creando os modelos interpretativos que hoxe nos serven para entender a cultura megalítica do Noroeste peninsular. Dentro desta unidade didáctica, establécense cinco períodos historiográficos que se desenrolarán a través de clases teóricas, con contidos que tamén serán traballados de forma práctica (baseado en Rodríguez Casal, 1993; Martinón-Torres, 2001a; Carrero Pazos, 2017).

2.1. Das primeiras referencias históricas ata a chegada de Manuel Murguía (1865)

As primeiras referencias a monumentos megalíticos podemos atopalas nas fontes escritas, dende tomos e coleccións diplomáticas (ss. VI-XVI), catastros coma o de Ensenada (1749) ou dicionarios de topónimos no S. XIX.

No s. XVII adoita salientarse a documentación do proceso xudicial do clérigo Vázquez de Orxas e a denominada «febre do ouro», no cal o monarca Filipe III, en 1609, autorizaba a Vázquez de Orxas a escavar as mámoas e túmulos galegos para recuperar o ouro que as tumbas poderían conter. Un episodio que levaría unha auténtica vaga de destrucións e saqueos de monumentos por parte das poboacións galegas durante todo o período (Rodríguez Casal, 2010). No s. XVIII son salientables as aportacións de Martín Sarmiento, que despois das súas viaxes realizadas por Galicia en 1754 e 1755, deixará constancia escrita da existencia de monumentos megalíticos, sendo o primeiro en considerar que estes monumentos son algo máis que tesouros, a evidencia arqueolóxica dun pasado remoto (Martinón-Torres, 2001).

2.2. Dende finais do S. XIX ata a síntese de Hugo Obermaier (1923)

O século XIX vén caracterizado polos albores da investigación científica propiamente dita. Chegan a Galicia as correntes románticas e neorrománticas, que cen-

trarán os esforzos na procura de raíces únicas para reforzar a identidade propia. Nas obras de autores como José Verea y Aguiar, Benito Vicetto ou Barros Silvelo, de indubidable calidade e relevancia historiográfica, observamos un fenómeno megalítico que pasa a ser explicado ao redor dun mundo céltico de invasións e migracións (Rodríguez Casal, 1993). No último terzo deste século destaca a obra de Manuel Murguía, que insistirá no papel histórico-arqueolóxico dos restos do pasado, especialmente os megálicos (Martinón-Torres, 2001; 153-154).

2.3. Dende os anos vinte ata os traballos de Florentino López Cuevillas (1958)

Na primeira metade do século XX asistimos á produción de obras de gran relevancia, como *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia*, de Hugo Obermaier (1923), ou as aportacións dos que serán os arqueólogos científicos do momento: Federico Maciñeira, Florentino López Cuevillas ou Georg e Vera Leisner. Todos eles desenvolveron traballos de campo moi minuciosos, realizaron aproximacións descritivas a materiais e vestixios arqueolóxicos pertencentes ao Megalitismo galego, creando corpus documentais moi completos como base das súas investigacións.

2.4. Da década dos sesenta ata 1996

A Guerra Civil paralizará calquera expectativa científica, que será retomada en 1944 coa creación do Instituto de Estudos Galegos Pai Sarmiento, dependente do CSIC, o órgano de investigación que vai focalizar os estudos sobre a arqueoloxía megalítica nos anos posteriores. López Cuevillas, Filgueira Valverde, Sobrino Lorenzo-Ruza ou Bouza Brey serán algúns dos principais estudosos que sentarán as bases dos estudos no Megalitismo galego destes momentos.

2.5. O estado actual da investigación: dende 1996 ata a actualidade

Na década dos noventa, o marco historiográfico do Megalitismo galego coñecerá unha das súas etapas máis prolizas, na que aparecerán as primeiras obras de síntese propiamente ditas. Investigadores como Antón R. Casal, Ramón Fábregas, José María Bello, José M. Vázquez Varela ou Felipe Criado, entre outros, desenvolverán importantes traballos interpretativos sobre a cultura megalítica, ao tempo que dende os servizos arqueolóxicos da Xunta de Galicia completábase a cartografía arqueolóxica do Megalitismo galego, base para os estudos posteriores (véxase Carrero Pazos, 2017).

3. Onde están as nosas mámoas e dolmens? A cartografía histórica do Megalitismo galego

Ademais do seu carácter eminentemente funerario, o fenómeno megalítico posúe unha importante compoñente espacial. Diferentes autores, entre os que salienta Colin Renfrew (1975, 1976), teñen fornecido hipóteses sobre a localización tan específica que presentan os dolmens e mámoas nas paisaxes europeas. É sabido que as nosas mámoas adoitan estar localizadas en zonas elevadas, nas penechairs das serras, terreos moi prominentes e visibles, e poden estar asociadas a vías de tránsito natural, e mesmo en condicións de visibilidade entre eles ou con respecto a formacións naturais particulares. Neste sentido, os megálitos terían actuado como elementos de demarcación territorial para as sociedades neolíticas, aspecto que hoxe está confirmado en diferentes territorios peninsulares, a través de análises informáticas e modelos dixitais (Murrieta-Flores, 2012; Carrero Pazos *et al.*, 2019; Cabrero González *et al.*, 2020).


4. Diversidade tipolóxica: as arquitecturas megalíticas

Galicia posúe unha densidade de monumentos megalíticos moi superior á doutros territorios da Península Ibérica. A maior parte correspóndense con dúas tipoloxías básicas, os dolmens e as mámoas, aínda que tamén existen as pedras chantadas (menhires) e círculos líticos, que enriquecen as tipoloxías dos nosos megálitos.

As arquitecturas dolménicas adoitan definirse como aquelas sepulturas funerarias colectivas que se compoñen de pedras fincadas (chamadas *ortostatos*) e unha lousa que recobre a estrutura, creando un espazo funerario en torno a unha cámara mortuoria. Diferentes tipoloxías dan fe dunha gran variabilidade tipolóxica (Figura 4: A): existen dolmens con cámaras circulares pechadas simples; outros nos que a cámara se complementa cun atrio ou entrada seguida dun corredor para acceder ao interior, caso do dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños, A Coruña) (Figura 4: B e C), ou cistas megalíticas de forma rectangular, que anticipan os enterramentos individuais.



Figura 4. A: Tipoloxía das arquitecturas funerarias megalíticas de Galicia; B: Proceso construtivo do dolmen de Dombate e fotografía actual (C); D: Fotografía da mámoa de Mota Grande (Serra do Leboreiro); E: Fotografía da necrópole megalítica de A Serra de Santa Mariña (Sarria, O Incio).



Fonte: A: Rodríguez Casal, 1990: 87; B: Bello Diéguez 1994; C e D: Fotografías do autor; E: Fotografía de Antón A. Rodríguez Casal

As arquitecturas megalíticas máis comúns en Galicia son, pola contra, as mámoas. Trátase de túmulos artificiais de terra e pedras que posúen forma circular ou ovalada (Figura 4: D, E). No seu interior podemos atopar unha cámara funeraria, aínda que na maior parte dos casos necesítase dunha escavación arqueolóxica para podernos asegurarmos. As mámoas poden posuír tamén unha coiraza lítica que recobre o túmulo, e un anel pétreo exterior que serve de delimitación do monumento (Fábregas Valcarce, Vilaseco Vázquez, 2004).

5. O mundo simbólico: a arte megalítica

As sociedades neolíticas que construíron as arquitecturas megalíticas posuían un rico e interesante mundo simbólico. No que respecta á arte megalítica, poderíamos establecer unha división entre arte pintada e gravada, e a existencia de placas e configuracións de vulto redondo dispostas nas entradas dos monumentos, posiblemente

cun sentido de protección dos mortos (Rodríguez Casal, 2010). No que se refire á pintura e gravados, as investigacións de Fernando Carrera e Ramón Fábregas (2006) teñen concluído que os dolmens galegos estaban pintados e gravados dende o mesmo instante da súa construción. O estado actual da investigación indica ademais que o Noroeste peninsular é o territorio co maior número de vestixios de pintura en dolmens, aspectos ben descritos nos traballos da profesora Primitiva Bueno Ramírez (véxase, por exemplo, Bueno Ramírez *et al.*, 2019).

As pinturas adoitaban realizarse mediante mesturas de arxilas con óxido de ferro (cor vermella); carbón vexetal e óxido de manganeso (cor negra), e uso de caolín (cor branca). Os motivos pintados abranguen diferentes temáticas, como xeométricos, antropomorfos, «zig-zags» ou serpentiformes. Nalgúns casos, coma no dolmen de Dombate, tense concluído que a disposición das pinturas parece estar relacionada co uso da iluminación: a primeira luz do sol no solsticio de inverno incide só nunha parte das pinturas, creando un xogo de luces e sombras que, din os investigadores, é intencionado (González-García *et al.* 2019).

Polo que se refire aos gravados, sabemos que utilizaban diferentes técnicas, como a incisión (en pedras calcarias ou xisto) ou o piqueteado, conformando sucos por golpeo cun cicel. Os motivos principais son ondulados, soles e antropomorfos. Existe, porén, un motivo gravado nalgúns dolmens galegos e portugueses que ten espertado a curiosidade dos investigadores pola difícil interpretación. Este motivo foi denominado pola investigadora irlandesa Elisabeth Shee Twohig no seu coñecido traballo de síntese de 1981 *The Megalithic Art of Western Europe* como «The thing» («A Cousa») (Shee, 1981), motivo que, dende entón, ten sido obxecto de múltiples interpretacións. Tense definido como unha representación idealizada dun machado puimentado ou fenómenos astronómicos, como a constelación de Orión (Rodríguez Casal, 2010). Tamén poderíamos estar ante representacións de baleas ou cachalotes expulsando aire polos espiráculos (Cassen, Vaquero Lastres, 2003), cuns «zig-zags» que poderían representar as ondas do mar. Diferentes hipóteses que permiten enriquecer a discusión científica. Pero do que non cabe dúbida é que temos ante nós un rico mundo simbólico e funerario, testemuño dun pasado megalítico que nos acompaña no presente.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxectivo de pór en práctica os contidos teóricos explicados nas sesións expositivas, téñense definido 3 sesións interactivas relacionadas con esta UD, que terán como obxectivo, desenvolver os seguintes exercicios prácticos:

Exercicio 1. Os megálitos de termo. Os monumentos nos documentos históricos e na toponimia antiga.

Primeira parte: O alumnado traballará, por grupos, con fontes escritas e cartográficas para rastrexar aqueles termos que se refiran a monumentos megalíticos, tentando esclarecer o contexto e posibles significados espaciais que a documentación permite observar. Os textos serán proporcionados polo profesor a través da aula virtual, sendo unha escolma dos seguintes (Martín-Torres 2001):

- Topónimos vencellables a megálitos na obra do Pai Sarmiento
- Monumentos megalíticos no *Catastro de Ensenada*. Provincia de Betanzos.
- Topónimos que poidan apuntar á existencia de megálitos no *Diccionario Nomenclator* de José de Villarroya (1810)
- Topónimos vencellables a megálitos no *Diccionario Geográfico* de Pascual Madoz (1845-1850)
- O proceso xudicial de Vázquez de Orxas (1606-1609) (Figura 5)

Figura 5. Parte do proceso xudicial de Vázquez de Orxas (1606-1609)



Fonte: Real Audiencia de Galicia. Expediente de averiguación de apertura de mámoas en diversas xurisdicións de Galicia, a instancia do licenciado Pedro Vázquez de Orxás.1609. A Coruña, fol. 182v-183r. 651 fol. Sign. 27.219/18

Para recoller a información, o alumnado deseñará unha ficha de recollida de información no programa *Microsoft Excel*, cos seguintes campos: texto de referencia; topónimo; páxina de identificación; descrición do topónimo; observacións.

Segunda parte: o alumnado deberá seleccionar tres topónimos que se refiran a monumentos megalíticos e buscar referencias espaciais concretas a través da plataforma «Toponimia de Galicia»¹ (Figura 6: A). Posteriormente, deberán usar a plataforma do «Plan Básico Autonómico»² para buscar o concello ou municipio seleccionado (Figura 6: B, descargar o catálogo patrimonial dende a propia páxina web, e buscar unha ficha correspondente a monumentos megalíticos, de existir (Figura 6: C e D). A continuación inclúese un exemplo:

¹ <https://toponimia.xunta.gal/gl>

² <https://mapas.xunta.gal/visores/pba/>



Figura 6. A: Visor de toponimia de Galicia (Xunta de Galicia); B: Exemplo de pescuda do topónimo «antas» no visor. C: Plataforma web do Plan Básico Autonómico (Xunta de Galicia); D: Exemplo de ficha do catálogo patrimonial




Fonte: Elaboración propia

Exercicio 2. Onde están as nosas mámoas e dolmens?

Neste exercicio o alumnado emulará un estudo de arqueoloxía espacial a través da análise da cartografía histórica do Megalitismo galego (Leisner 1938; Rodríguez Casal, 1990; Carrero Pazos, 2017). Utilizando os mapas proporcionados (Figura 7), o alumnado deberá realizar un comentario de texto escrito de tres páxinas no que se respondan ás seguintes cuestións:

- En que partes do territorio están localizadas as mámoas? Existe algún patrón xeográfico que se poida definir?
- Compara os tres mapas proporcionados. Cambiou moito o número de mámoas rexistradas dende o século pasado ata hoxe?
- Cres que terían desaparecido moitas dende o Neolítico? Se é así, Cres que estes mapas son un bo reflexo da realidade que puido existir no período prehistórico?
- A provincia de Ourense ten claramente un menor número. Cales poderían ser as razóns?

Figura 7. Cartografías do Megalitismo



Fonte: Leisner, 1938; Rodríguez Casal, 1990; Carrero Pazos, 2017

O alumnado deberá comparar as súas conclusións coas reflexións fornecidas polos seguintes investigadores:

Texto 1: «Las mámoas... se hallan en el fondo de los valles ó en las llanuras, sobre las montañas... se hallan a veces muchas en un estrecho recinto» (L. Martínez de Padín, 1849).

Texto 2: «No hay campo inculto en Galicia en el que los ojos acostumbrados no perciban la grande o pequeña mámoa» (M. Murguía, 1865).

Texto 3: [La existencia de mámoas] «es uno de los indicios más seguros en Galicia de la proximidad de los antiguos caminos» (M. Díaz Sanjurjo, 1904).

Texto 4: «As mámoas aliñábanse flanqueando os camiños existentes cando foron construídas» (F. Maciñeira, 1935).

Exercicio 3. A prospección arqueolóxica remota: o uso do LiDAR

Neste exercicio o alumnado porá en práctica unha das ferramentas máis importantes na Arqueoloxía actual, como é o LiDAR. Trátase dun sensor láser aerotransportado que emite pulsos e permite cartografar con moita precisión o territorio. E o que é máis importante en Arqueoloxía, permite obviar a vexetación e crear un mapa topográfico moi detallado no que non existen elementos vexetativos, o que significa que os xacementos arqueolóxicos que posúan restos en superficie poden ser visibles (Crutchley, Crow, 2009; Opitz, Cowley, 2013).

Esta tecnoloxía está dispoñible para toda España como parte do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA)³. No caso de Galicia, os resultados cartográficos desta tecnoloxía pódense consultar a través da plataforma «Mapas Xunta», utilizando, no visor web, o mapa de sombreado, que permite analizar o territorio galego e buscar anomalías na superficie que poidan corresponderse con xacementos arqueolóxicos. Nesta práctica, o alumnado aprenderá a utilizar a ferramenta, buscará e identificará monumentos megalíticos con coordenadas UTM, emulando un traballo de prospección arqueolóxica remota ou informática. A parte técnica será complementada con pescudas bibliográficas, tal e como se reflicte na ficha creada para a realización:

³ <https://pnoa.ign.es/pnoa-lidar/presentacion>

Figura 8. Ficha deseñada para a realización do exercicio 3


PRÁCTICA DE LIDAR EN ARQUEOLOXÍA

1. Contesta ás seguintes preguntas (utiliza o espazo que consideres e complementa con bibliografía)

- A) Que é a tecnoloxía LiDAR?
- B) Por que é importante en Arqueoloxía?
- C) Indica dous proxectos nos que se teña utilizado o LiDAR e realiza unha síntese sobre eles

2. Práctica sobre o manexo do LiDAR

- Caso 1. UTM X: 632878; UTM Y: 4728755
 Nome do xacemento: Necrópole megalítica de Santa Mariña



- Caso 2. UTM X: 548068; UTM Y: 4803847
 Nome do xacemento: _____
 [Inclúe aquí a captura de pantalla]

3. Busca tres monumentos megalíticos co visor. Inclúe o seu nome e coordenadas UTM, e realiza unha captura de pantalla do mapa de sombreado (LiDAR) na que se observe o túmulo

- Xacemento 1: _____
 UTM X: _____
 UTM Y: _____
 Captura de pantalla: _____
- Xacemento 2: _____
 UTM X: _____
 UTM Y: _____
 Captura de pantalla: _____
- Xacemento 3: _____
 UTM X: _____
 UTM Y: _____
 Captura de pantalla: _____

Fonte: Elaboración propia



AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación dos contidos da unidade didáctica, que computan na avaliación xeral da materia de Prehistoria II, apoiarase en varios criterios que buscan ter en conta a aprendizaxe do alumnado. En concreto, sobre dous eixos:

- Asistencia nas clases teóricas (3) e prácticas (3). Os contidos teóricos desta unidade didáctica serán tamén obxecto de avaliación no exame final, en conxunto co resto das leccións da materia.
- Traballo realizado durante as 3 sesións prácticas, cos exercicios propostos resolto que o alumnado entregará a través da aula virtual e serán debidamente corrixidos polo profesor.

Estes criterios forman parte do sistema de «avaliación continua» da materia Prehistoria II estipulado no programa, que se aplica para primar o traballo continuado por parte do alumnado. As actividades propostas para superar a materia seguen o seguinte esquema porcentual:

- Asistencia e participación nas actividades interactivas e realización das prácticas escritas: 30 % da nota final
- Exame teórico final: 70 % da nota final

BIBLIOGRAFÍA

- BUENO RAMÍREZ, P. *et al.* (2019): «From pigment to symbol: the role of paintings in the ideological construction of European megaliths». En J. Müller, M. Hinz, M. Wunderlich (eds): *Megaliths, societies, landscapes. Early monumentality and social differentiation in Neolithic Europe. Proceedings of the international (16-20th June 2015, CAU, Kiel* (pp. 845-865). Bonn, Habelt.
- CARRERA RAMÍREZ, F., FÁBREGAS VALCARCE, R. (2006): *Arte parietal megalítico en el noroeste peninsular: conocimiento y conservación*. Santiago de Compostela, Tórculo Edicións.
- CABRERO GONZÁLEZ, C., CÁMARA SERRANO, J. A., ESQUIVEL GUERRERO, J. A. (2004): «Patrones de distribución espacial en las necrópolis megalíticas de Majadillas y Hoyas del Conquín (Granada, España). Resultados preliminares». *Lucentum*, nº 39, pp. 73-85.
- CARRERO PAZOS, M. (2017): *El fenómeno tumular y megalítico en Galicia. Aportaciones desde los Sistemas de Información Geográfica y la estadística espacial para el estudio de los patrones de localización*. Tesis doctoral inédita. Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10347/15823>
- CASSEN, S., VAQUERO LASTRES, J. (2003): «Cosas fabulosas». En V. S. Gonçalves (ed): *Muita gente, poucas antas? Origens, espaços e contextos do Megalitismo. Actas do III Colóquio Internacional sobre Megalitismo (Reguengos de Mosaraz, 3-7 maio 2000)* (pp. 449-508). ADECAP, Porto.

- CRUTCHLEY, S., CROW, P. (2009): *The Light Fantastic: Using airborne lidar in archaeological survey*. English Heritage, Swindon.
- DÍAZ SANJURJO, M. (1904): «Los caminos antiguos y el itinerario nº 18 de Antonino en la provincia de Orense». *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, nº 2, pp. 37-43.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., VILASECO VÁZQUEZ, I. (2004): «El Megalitismo gallego a inicios del S. XXI». *Mainake*, nº 26, pp. 63-87.
- GONZÁLEZ-GARCÍA, A., VILAS-ESTÉVEZ, B., LÓPEZ ROMERO, E., MAÑANA-BORRAZÁS, P. (2019): «Domesticating Light and Shadows in the Neolithic: The Dombate Passage Grave (A Coruña, Spain)». *Cambridge Archaeological Journal*, nº 29(2), pp. 327-343.
- LAPORTE, L., BUENO RAMÍREZ, P. (2016): «A southern viewpoint». En L. Laporte, C. Scarre, *The Megalithic Architectures of Europe* (pp. 227-234). Oxbow Books, Oxford.
- LEISNER, G. (1938): *Verbreitung und Typologie der Galizisch-Nordportugiesischen Megalithgräber*. J. B. Lindin, München.
- MACIÑEIRA, F. (1935). «La distribución de las estaciones prehistóricas ortegaleses y sus características», *Boletín de la Real academia Galega*, nº 259, pp. 169-181.
- MARTÍNEZ DE PADÍN, L. (1849): *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia* (Vol. I). Establecimiento tipográfico de A. Vicente, Madrid.
- MARTINÓN-TORRES, M. (2001a). *Os monumentos megalíticos despois do Megalitismo. Arqueoloxía e Historia dos megalitos galegos a través das fontes escritas* (s.VI-s. XIX). Concello de Valga, Valga.
- (2001b): «Los megalitos de término. Análisis territorial de los monumentos megalíticos a partir de las fuentes escritas». *Trabajos de Prehistoria*, nº 1, pp. 95-108.
- MURGUÍA, M. (1865). *Historia de Galicia* (Vol. I). Imprenta de Soto Freire, Lugo.
- MURRIETA FLORES, P. (2012): «Understanding human movement through spatial technologies: the role of natural areas of transit in the Late Prehistory of South-western Iberia». *Trabajos de Prehistoria*, nº 69(1), pp. 103-122.
- OBERMAIER, H. (1923): «Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia». *Boletín Arqueológico de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, nº 7, pp. 1-21.
- OPITZ, R. S., COWLEY, D. (2013). *Interpreting archaeological topography: airborne laser scanning, 3D data and ground observation*. Oxbow Books, Oxford.
- RENFREW, C. (1975): *Before Civilization. The Radiocarbon Revolution and Prehistoric Europe*. Jonathan Cape, London.
- (1976): «Megaliths, Territories and Populations». En S. J. De Laet (ed): *Acculturation and Continuity in Atlantic Europe* (pp. 298-320). *Dissertationes Archaeologicae Gandenses*, XVI. De Tempel, Brugge.
- RODRÍGUEZ CASAL, A. A. (1990): *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- (1993): «Análise historiográfica do megalitismo galego». *Semata: Ciencias sociais e humanidades*, nº 5, pp. 53-71.

- (2010): «El fenómeno tumular y megalítico en Galicia: caracterización general, problemas y perspectivas». En J. Fernández Eraso, J. A. Mujika Alustiza, *Actas del Congreso Internacional sobre Megalitismo y otras manifestaciones funerarias contemporáneas en su contexto social, económico y cultural* (Munibe 32, pp. 58-93). Aranzadi, Donostia.

SHEE TWOHIG, E. (1981): *The megalithic art of Western Europe*. Clarendon, Oxford.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

